

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 17 DE ABRIL DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e dous minutos do día dezasete de abril do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dña. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dña. M^a Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dña. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 03.04.2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día tres de abril de 2008.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) PROXECTO DE EXECUCIÓN. PERMISO PARA INICIO DAS OBRAS

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da técnica municipal, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda conceder permiso para o inicio das obras que de seguido se relacionan:

- **MÓNICA FERNÁNDEZ LINARES en representación de Dña. CARMEN LINARES MARTÍNEZ, (N.R.E. 6.827/15.12.2006)**, para reforma de cuberta e adecuación interior de vivenda, en As Lagoas nº 6, referencia catastral: 0212001NJ6101N, de acordo co proxecto de execución asinado polos Arquitectos D. Antonio Deus Álvarez e D. Miguel Ángel Abad Blanco, visado polo C.O.A.G. en data 5 de outubro de 2006, por corresponderse co proxecto básico para o que foron concedidos os oportunos permisos e informes favorables por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xullo de 2007 (expte. 134/2006).

Prazo de inicio: 6 meses, segundo a licenza concedida.

Prazo de execución: 24 meses, segundo a licenza concedida.

O interesado está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

B) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

- **Dna. ANA BELÉN FERNÁNDEZ RICO e D. JAVIER FREIRE MONTERROSO (EXPTE. 201/2007) segundo solicitude de data 8 de outubro de 2007**, para construción de vivenda unifamiliar, en R/ Coruto, referencia catastral: (á espera de asignación de referencia ao ser resultado dunha segregación) 3722804-13-14-15NJ6132S, segundo proxecto básico e proxecto de execución redactados pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz, visados polo C.O.A.G. en datas 04.10.2007 e 18.12.2007, unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (3.423,70 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (76,00 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 76 m², coas seguintes características:

- Explanación e recheo
- Sub-base de balastro natural e tratamento superficial de rego asfáltico
- Colocación de tubería de evacuación de pluviais e sumidoiro con reixa
- e a construción dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	660 m ²	400 m ²
b) Fachada mínima	25,05	12 m. fachada
c) Liña de edificación máxima	7,90 m	10,00 m.
d) Aliñacións	10,00 m	A fixada nos planos do PXOM 5 m. a eixo de vía para unha vía de 10 m.
e) Lindeiros	3,00 m	2,00 m.
f) Ocupación parcela	15,63 %	50 %
g) Altura	B+1 plantas, 7,00 m.	B+1 plantas, 7,00 m.
h) Edificabilidade	0,25 m ² /m ²	0,50 m ² /m ²
i) Cuberta	CUMPRE	art. 84

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 69.600,00 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Xulia Cortizas Díaz, e o arquitecto técnico director das obras é D. Manuel Guillermo Antón Villamil, segundo nomeamento entregado (N.R.E. 1.682/04.04.2008).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

- GALLEGA DE MONTAXES ELÉCTRICOS S.L. (EXPTE. 182/2007), segundo solicitude de data 7 de setembro de 2007, para acometida eléctrica para edificio, en Travesía do Seixo, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Salvador Zaldívar Penide, visado polo C.O.E.T.I.C.O.R. en data 21.08.2007. De acordo coa autorización da Consellería de Cultura e Deporte, Sección de Patrimonio Histórico de data 04.04.2008, obrante no expediente e unha vez aportado o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde e de director da obra debidamente visados polos colexios oficiais correspondentes.

O coordinador de Seguridade e Saúde da obra é o enxeñeiro técnico industrial D. José Luis Veiga Rodríguez e o Director da obra é o enxeñeiro técnico industrial redactor do proxecto D. Salvador Zaldívar Penide.

Previo ao comezo da obra deberán solicitar ao Servizo de Estradas da Delegación Provincial de A Coruña unha renovación ou prórroga da autorización debido a que a concedida veu expirado o seu prazo. En todo momento os responsables da obra, empresas promotora e construtora, atenderán ás observacións e condicións tanto xerais como particulares que se recollen na devandita autorización subscrita polo técnico D. Juan C. Sánchez Temprano e a xefa de servizo Dña. Teresa Palacios Alonso e número de expediente N° OT205Z 2007/000223-1.

Previo a comezo do restrinximento do tráfico na AC-133 entre os puntos quilométricos 1,300 e 1.530 debe solicitarse licenza de ocupación da vía pública independentemente da licenza de obras. Neste sentido estarase en todo momento ao disposto pola Policía Municipal que determinará as pautas a seguir no devandito corte de tráfico e deberán consensuarse os tramos ocupados ou cortados, ben sexan de tráfico rodado ou peonil.

Unha vez rematadas as obras de canalización deberán repoñer os firmes afectados e deixalos coa súa aparencia actual segundo queda reflectido nas fotografías aportadas.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 49.759,13 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

3.- AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA E APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE SOTERRAMENTO DA RBTA EN RÚA AREOSA.

Tendo en conta o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 14.03.2008, así como o ditame da comisión informativa, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte autorización administrativa e prestar aprobación ao proxecto de execución:

- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. (N.R.E. 5.007/19.09.2007 e 6.109/08.11.2007) para soterramento de R.B.T.A. en R/ Areosa, soterrando a liña de baixa

tensión entre a Rotonda de Rilo e o entronque á Rúa Areosa, redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, con data 02.05.2007, por cumprir as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Mugardos.

4.- ESTUDO DE DETALLE PARA SINALEMENTO DE ALIÑACIÓNS EN O MERLO, PROMOVIDO POR D. BUARCE INVERSIÓNS S.L.

Tendo en conta o informe desfavorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 13.03.2008, no que se pon de manifesto o seguinte:

- *No ámbito indicado non se pode edificar conforme á ordenación proposta no PXOM mediante obras accesorias e de escasa entidade, pola que a parcela poida adquirir a condición de solar, característica necesaria da categoría de solo urbano consolidado.*
- *O ámbito indicado precisa dun proceso de nova urbanización (apertura de novo vial e urbanización completa do camiño existente, incluídas redes de instalacións e as súas conexións exteriores) para poder desenvolver a ordenación proposta no PXOM.*
- *O Estudo de Detalle non é un instrumento válido para desenvolver este proceso de urbanización, que implicará apertura de novas vías e as cesións gratuítas establecidas para a categoría de solo urbano non consolidado.*
- *Neste momento, pola Lei 6/2007, non se poden desenvolver PERI, polígonos ou calquera outro instrumento de equidistribución apropiado para ámbitos de solo urbano non consolidado.*

E tendo en conta así mesmo o ditame desfavorable da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Denegar a aprobación do Estudo de Detalle para sinalamento de aliñacións en O Merlo, promovido por Buarce Inversiones S.L., redactado pola arquitecta Dna. Elia Estraviz Prado, de data abril de 2007, visado polo C.O.A.G. en data 23.04.2007, por non ser a figura urbanística indicada para desenvolver a ordenación contida no P.X.O.M. de acordo á vixente Lei 9/2002; e en todo caso, estar suspendido o seu desenvolvemento, por medio da figura axeitada, durante un prazo de dous (2) anos dende a entrada en vigor da Lei 6/2007.

5.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

A) DEVOLUCIÓN FIANZA DEFINITIVA OBRA “REPOSICIÓN DE TUBERÍAS DE ABASTECIMENTO DE AUGAS NA RÚA FIEITEIRAS”

Visto o escrito presentado por D. José González Freire, en representación da empresa ALDASA S.L.U, interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garantir a execución das obras de “REPOSICIÓN DE TUBERÍAS DE ABASTECIMENTO DE AUGAS NA RÚA FIEITEIRAS”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa ALDASA S.L.U, e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 361/04 - por importe de 2.191,27 euros (DOUS MIL CENTO NOVENTA E ÚN EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS).

B) DEVOLUCIÓN FIANZA DEFINITIVA OBRA “URBANIZACIÓN PARQUE DE O CASTRO, PARROQUIA DE MEHÁ”

Visto o escrito presentado por D. Manuel García Santos, en representación da empresa MANTENIMIENTO FORESTAL MG. S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “URBANIZACIÓN PARQUE EN O CASTRO, PARROQUIA DE MEHÁ”, e tendo en conta o informe técnico emitido polo técnico director da obra no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa MANTENIMIENTO FORESTAL MG. S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de CAIXA GALIZA - núm. 137.056 - por importe de 3.189,85 euros (TRES MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS).

C) DEVOLUCIÓN FIANZA DEFINITIVA OBRA “REPOSICIÓN SERVICIOS RÚA CELSO EMILIO FERREIRO”

Visto o escrito presentado por D. Gerardo Alfredo Rodríguez Armesto, en representación da empresa DADMI CONSTRUCCIONES S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “REPOSICIÓN DE SERVICIOS NA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO”, e tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación, obrante no expediente, así como que ten transcorrido con creces o prazo de garantía, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa DADMI CONSTRUCCIONES S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de BBVA - núm. 0182000251132 - por importe de 1.279,20 euros (MIL DOUSCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS).

D) DEVOLUCIÓN FIANZA DEFINITIVA OBRA “URBANIZACIÓN RÚA AREOSA, 1ª FASE.”

Visto o escrito presentado por D. Gerardo Alfredo Rodríguez Armesto, en representación da empresa DADMI CONSTRUCCIONES S.L., interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “URBANIZACIÓN DA RÚA AREOSA, 1ª FASE”, e tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación, obrante no expediente, así como que ten transcorrido con creces o prazo de garantía, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa DADMI CONSTRUCCIONES S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval da Compañía Española de Seguros e Reaseguros de Crédito e Caución, S.A. - certificado de seguro de caución nº. 3.714.756- por importe de 1.818 euros (MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS).

6.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 3 da obra de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE O CRISTO”, da que é adxudicatario D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., por importe de TRINTA E TRES MIL NOVECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (33.984,23€), con cargo á partida 2008.0.452.0.63200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

7.- APROBACIÓN DO GASTO

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact.	Partida	Provedor e Concepto	Importe
386	4/2008	2008.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 1/2008	5.288,27 €
459	3648	2008.0.432.0.60101	TANGRAM, S.L. MATERIAL INFANTIL E URBAN, PARQUE CAMPO DOS CARNEIROS.	15.494,31€
471	516	2008.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MES FEBREIRO	8.803,62 €
474	82	2008.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION DO ALUMEADO PUBLICO,FEBREIRO	3.060,29 €
493	290208	2008.0.422.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELELECTRICA ESCOLAS,12.12.07/11.02.08	3.563,25 €
495	29022008	2008.0.432.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,11.12.07/11.02.08	17.362,45 €
528	V01/834	2008.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS CULTURAI, PINTURA,INFORMATICA,MUSICA, MES FEBREIRO	7.366,88 €
530	V01/836	2008.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS MUNICIPAIS DEPORTIVAS,XIMNASIA,TENIS,TAICHI, TICO CON CARCO, IOGA,PATINAXE, FUTBOL, MES FEBREIRO	3.869,00 €
559	MG 02/2008	2008.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. PRESTACION DE SERVICIOS DE ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA, ESCOLA INFANTIL DE AS LAGOAS, MES FEBREIRO	5.995,47 €

600	12/08	2008.0.121.0.22603	GERMAN ACCION LOPEZ HONORARIOS PROCEDEMENTO 1616/06,INCUMPRIMENTO DEMOLICION CASA EN BARCIAS, 34	3.712,00 €
601	320712523 4	2008.0.121.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. POLIZA 0960180094543, RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL,15.03.08/15.03.09	27.336,30 €
666	V01/889	2008.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, XIMNASIA,TENIS,TAICHI, TIRO CON ARCO, IOGA,PATINAXE E FUTBOL, MARZO	3.061,18 €
668	V01/887	2008.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS CULTURAIS MUNICIPAIS, PINTURA, INFORMATICA E MUSICA, MARZO	5.990,66 €
678	950	200.0.0442.0.22713	SOGAMA TRATAMENTO DE RU PLANTA DE NARON, MES MARZO.	9.424,74 €

8.- EXPEDIENTE DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSE M^a. BUXÓ MASSAGUER EN REPRESENTACIÓN DE “LA CAIXA”, PARA APERTURA E FUNCIONAMIENTO DE OFICINA BANCARIA, A INSTALAR EN AVDA. DE GALIZA N^o. 49: LICENZA PROVISIONAL E LICENZA DE OBRAS.

Visto o expediente instruído a instancia de D. JOSÉ M^a BUXÓ MASSAGUER en representación de “LA CAIXA”, que solicita a regulamentaria licenza municipal para apertura e funcionamento de OFICINA BANCARIA, a instalar en Avda. de Galiza n^o 49.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da corporación municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, este organismo, con data 31 de marzo de 2008, informa cualificando dita actividade como MOLESTA.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno Local a concesión da licenza solicitada, en virtude da delegación conferida pola Resolución da alcaldía núm. 373/2007 de data 19 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita para apertura e funcionamento, segundo proxecto

básico e de execución redactado polo arquitecto D. Jorge Roura Traseira, de data xullo de 2007, visado polo C.O.A.G. en data 19.09.2007 e documentación anexa visada polo C.O.A.G. en data 27.11.2007.

Así mesmo, deben cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, de data 31 de marzo de 2008, sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e que son as seguintes:

- 6.6 “Condicionado a que de acordo coas Leis 10/1998 (B.O.E. nº 96 do 22/04/98) e 10/1997 (D.O.G. nº 168 de data 02/09/97) e a Orde M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E. nº 43, de data 19/02/02) xestione axeitadamente os residuos, tendo en conta a recollida selectiva do lixo”.

Outros requisitos:

- 9.2 “Condicionado ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes”

Non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que polo interesado se aporte certificación expedida por empresa ou entidade homologada respecto do cumprimento da normativa sobre contaminación acústica, e se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas Arcas Municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Tesourería municipal.

Notifíquese esta resolución ao interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interpoñer.

Comuníquese igualmente á referida Delegación Provincial de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no prazo de tres días, para cumprir o preceptuado polo art. 6º da Instrución de 15 de marzo de 1.963, en relación co Real Decreto de Transferencias sobre a materia e disposicións complementarias.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes emitidos pola arquitecta técnica municipal e pola comisión informativa de urbanismo e industria, obrantes no expediente, por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente a seguinte **licenza de obras:**

- **D. JOSÉ MARÍA BUXÓ MASSAGUER en representación de “LA CAIXA” (EXP. 195/2007) segundo solicitude de data 25 de setembro de 2007, para acondicionamento de local para oficina bancaria, na Avda. De Galiza nº 49, referencia catastral: 0424121NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactado polo**

arquitecto D. Jorge Roura Traseira, de data xullo de 2007, visado polo C.O.A.G. en data 19.09.2007 e documentación anexa visada polo C.O.A.G. en data 27.11.2007.

O solo onde está situado ten a cualificación de SUD, Solo Urbano Denso.

A finalidade da licenza é o acondicionamento dunha planta baixa dun edificio de baixo máis tres plantas, para oficina bancaria.

As condicións urbanísticas do edificio non se modifican.

O Arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, D. Jorge Roura Traseira.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución 24 meses.

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

9.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE FRANZA” (POS 2008).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, a proposta da presidencia, acorda deixar pendente o presente punto.

10.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DE CONTEDORES NA RÚA CONTRAMAESTRE CASADO” (POS 2008)

Vista a circular remitida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña para a contratación das obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e rede viaria local 2008 (POS 2008), e tendo en conta os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 60.101,21 euros as obras de:

<u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u>	<u>IMPORTE</u>
SOTERRAMENTO DE CONTEDORES NA RÚA CONTRAMAESTRE CASADO.....	32.139,10 €

substituíndo a consulta a tres empresas, como mínimo, por un anuncio de licitación nun diario dos de maior circulación da comarca.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado das obras comprendidas nos planos de obras e servizos e outras obras provinciais aprobado pola Deputación Provincial en sesión celebrada o 26.05.2005. (BOP nº. 130/09.06.05)

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2008.0.442.0.60101 do orzamento vixente.

11.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRIQUEZ” (PLAN DE OBRAS MUNICIPAIS 2008)

Tendo en conta os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico da obra de “REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRIQUEZ”, redactada polo enxeñeiro de camiños, D. Marcelino López Méndez, en data novembro 2007, cun presuposto de execución por contrata de CUARENTA E SEIS MIL CENTO SESENTA E SETE EUROS CON CUARENTA E ÚN CÉNTIMOS (46.167,41 €)

2.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 60.101,21 euros as obras de:

<u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u>	<u>IMPORTE</u>
REPOSICIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA RÚA CURROS ENRIQUEZ.....	46.167,41 €

substituíndo a consulta a tres empresas, como mínimo, por un anuncio de licitación nun diario dos de maior circulación da comarca.

3.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado, segundo texto obrante no expediente.

4.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

5.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2008.0.441.0.63703 do orzamento vixente.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE